

ACORDOS NÚMERO 14/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 6/07/2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día seis de xullo de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 4- CONVENIO DE COLABORACION COAS COMISIONS DE FESTAS PARROQUIAIS E ESTE CONCELLO PARA A ORGANIZACION DAS FESTAS PATRONAIS.-
- 5- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 6- SERVIZOS SOCIAIS.-
- 7- APROBACION DE FACTURAS.-
- 8- COMUNICACION PREVA DE OBRAS.-
- 9- CONVENIO DE CREACION MELLORA E AMPLIACION DE SERVIZOS LOCAIS BASICOS. RUTAS DE SENDEIRISMO.-
- 10- SUBVENCIONS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZCAN O PASO A UNHA ECONOMIA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.-
- 11- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DAS ACTAS ANTERIORES, CORRESPONDENTES AS SESIONS ANTERIORES LEVADAS A CABO.-

Acordos adoptados:

1. Aprobación das acta das sesións ordinaria e extraordinarias celebradas con data 30.05.2017; 08.06.2017 e 22.06.2017.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

1.- Escrito que presenta a dirección do CPI Pecalama de Tordoia, solicitando a realización de reparacións, conservacións e melloras no Colexio Público.

Acordos adoptados:

Darlle traslado do escrito a técnica municipal para que realice unha memoria valorada das obras a realizar, e posteriormente polo conxerse e brigada de obras se acometan as que sean posibles.

2. Escrito da Presidencia da Asociación Cultural San Cristovo. Carballo solicitando as instalacións polideportivas da parroquia de Cabaleiros para levar os nenos participantes da Escola de Verán, de actividades lúdicas, deportivas e de tempo libre de acampada ao pavillón polideportivo de Cabaleiros para o mércores 19 e o xoves 20 de xullo.

Acordos adoptados:

Autorizar dita actividade e darlle traslado a señora presidencia da Asociación Cultural San Cristivo e ao encargado do polideportivo municipal para que dispoña das instalacións para eses días.

3.- ESCRITOS VECIÑOS.-

1.- Recíbese escrito de don A.A.A., número rexistro entrada 764, en relación a contrución dun muro de formigón e pozo de barrena en Vilaroscuro sin respetar as distancias ao camiño público e sin contar coa preceptiva licenza de obra.

Acordos adoptados:

Remitir este escrito a Augas de Galicia para saber si ten a respectiva autorización.

2.- Recíbese escrito da Asociación de Veciños San Ciprián de Viladoabade, solicitando unha axuda do concello para levar a cabo as obras para dotar á asociación dun local dotado de servizos hixiénicos para uso público, así como dun pequeno almacén na parcela propiedade dos veciños de Viladoabade.

Acordos adoptados:

Colaborar cos veciños na medida do posible.

3.- Recíbese escrito de don B.B.B., membro da entidade encargada de realizar as festas de Tibiáns, solicitando axuda económica para realizar as festas de Santo Antonio e do Rosario en Viladoabade.

Acordos adoptados:

Concederlle unha axuda como en anos anteriores.

4.- CONVENIO DE COLABORACION COAS COMISIONS DE FESTAS PARROQUIAIS E ESTE CONCELLO PARA A ORGANIZACION DAS FESTAS PATRONAIS.-

O señor alcalde PROPÓN a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar o convenio de colaboración coas comisións de festas parroquias e este Concello para a organización das festas patronais.

2. Dar conta deste convenio no seguinte pleno.

5.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo municipal de augas:

- C.C.C. sendo os datos de sumministración en Vilarchán - Cabaleiros.

- D.D.D.con domicilio en Oleiros - Tordoia.

6.- SERVIZOS SOCIAIS.-

Acordos adoptados:

Vista a solicitude formulada por E.E.E. con domicilio en Anxeriz, dar de alta no programa de alimentos.

7.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe total de: 3.081,49€

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formar da Interventora das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 3.081,49€.

| REX. | INTERESADO | CONCEPTO | IMPORTE | PARTIDA |
|-------------|------------------------|--------------------------|----------------|----------------|
| 778/2017 | Javier Suárez Vázquez | Comida Santa Rita | 1633,00 | 33822609 |
| 820/2017 | Almacenes Pallas, S.L. | Material de construcción | 1448,49 | 153121000 |

8.- COMUNICACIONES PREVIA DE OBRAS.-

Acordos adoptados:

1º Recoñecer a eficacia da comunicación previa de obras presentada o 29.05.2017 por don F.F.F., para a comunicación previa de obras de “construción de muro para peche parcial de finca”.

2º Deberanse cumprir as observacións do informe técnico de data 04.07.2017 que son as seguintes:

-que o muro deberá quedar pintado en cores acordes co medio rural, no caso de lindar con vía pública,

-deberase gardar unha distancia mínima de 4 metros ó eixe, e altura máxima do muro opaco será de 1,5 metros medidos sobre o terreo natural, ou no caso de fronte a vía pública, segundo a rasante de dita vía.

3º Notificarlle ao interesado a presente autorización.

9.- CONVENIO DE CREACION MELLORA E AMPLIACION DE SERVIZOS LOCAIS BASICOS. RUTAS DE SENDEIRISMO.-

Acordos adoptados:

1º Aprobar o anteproxecto "acondicionamento das rutas de sendeirismo PR-G 88 e PR-G 89", realizado pola Arquitecta María Carmen Novoa Sío, nº de colexiado 3831 por un importe de 19.993,57€.

2º Declarar que este Concello non solicitou nin en consecuencia recibiu ningunha outra axuda para este proxecto.

3º Declarar que este Concello non está incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10, número 2 e3, da Lei 9/2007, do 13 dexuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

4º Que con data 14/10/2016 este Concello remitiu as contas correspondentes ao exercicio 2015 ao Consello de Contas de Galicia.

5º Este concello posúe a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios onde se pretenden realizar as actuacións que integran o proxecto para o cal solicita a subvención.

6º Este concello encontrase ao corrente no seu cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

7º Nomear como representante legal do Concello ante a administración ao señor Alcalde-Presidente.

8º Actuará como interlocutor deste expediente o técnico de emprego don C.S.R..

10.- SUBVENCIONS A PROXECTOS SINGULARES DE ENTIDADES LOCAIS QUE FAVOREZCAN O PASO A UNHA ECONOMIA BAIXA EN CARBONO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECEMENTO SOSTIBLE 2014-2020.-

Acordos adoptados:

- Aprobar a participación e aceptación expresa do procedemento regulado.
- Que o Concello de Tordoia encontrase ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
- Que o Concello de Tordoia non se encontra incurso en ningunha das situacións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, facendo constar, así mesmo, que se encuentre ao corrente no cumprimento das súas obrigacións de reintegro de outras subvencións e axudas recibidas, conforme aos termos establecidos no artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
- Que o Concello de Tordoia ten suficiente capacidade administrativa, de xestión e de comunicación electrónica; así mesmo dispón da capacidade suficiente para cumprir coas condicións do Programa de axudas en canto a prazos límites de execución, normativa de aplicación, información financeira e de outro tipo que ha de conservar, comunicar e facilitar cando sexa requerido.
- Que o Concello de Tordoia comprométese a comunicar de inmediato ao IDAE calquera modificación ou variación das circunstancias anteriores.
- Que o Concello de Tordoia non solicitou nin recibiu outras subvencións ou axudas para a mesma actuación ou finalidade que a solicitada no contexto do presente Programa de axudas, de calquera Administración, organismo ou entidade pública, nacional ou internacional.
- Facultar ao señor alcalde para que actue como representante ante o Ministerio de Enerxía, Turismo e Axenda dixital en todas as accións que requira a tramitación da subvención.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 14:00 horas.